

Compostela Cultura



Horario: 1 de xuño de 2010 00:00 Lugar: Librería Couceiro. Praza de Cervantes

Presentación de 'Prisciliano na cultura galega'

Victorino Pérez Prieto

Editorial Galaxia presenta o libro *Prisciliano na cultura galega*, de Victorino Pérez Prieto. No acto participan Víctor F. Freixanes, director xeral de Galaxia; Daniel López Muñoz, sociólogo; Manuel Rivas, escritor, e o autor, Victorino Pérez Prieto.

Segundo escribiu Otero Pedrayo, "Prisciliano é a maior personalidade que Galiza xerou; foi do seu tempo e aínda máis profundamente do seu pobo". Así e todo, esta é aínda unha figura bastante descoñecida para a maioría e, cando non o é, adóitase ter ideas confusas acerca da súa persoa e do seu pensamento. Prisciliano na cultura galega tenta facer un achegamento científico á súa personalidade. Pero este libro é moito máis, non só fala da vida e a obra de Prisciliano, senón do priscilianismo, que viviu activo máis de dous séculos despois da súa trágica morte.

O teólogo Victorino Pérez Prieto deixa de manifesto neste libro, de maneira case exhaustiva, o peso e a importancia de Prisciliano na cultura galega, sobre todo desde o século XIX ata os nosos días. Salientablemente en figuras tan senlleiras coma Otero Pedrayo, Castelao, Portela Valladares ou Méndez Ferrín. Finalmente, e consonte co mesmo título do libro, deféndese a tese de que, alén do que poidamos saber de Prisciliano, o mártir de Tréveris é un símbolo necesario na construción da identidade galega.